

## :: Lúa imputada ::

- Como quere que a chamemos? Selene? Tsuki? Lúa do Castor?
- *Lúa* a secas está ben
- Ben, señora...
- Señorita
- Señorita Lúa
- Si?
- Que facía vostede o 13 de novembro de 2002 contra as 15:00 horas?
- Non estaba
- Como que non estaba. Vostede sempre está
- Si, bueno, a ver, era mediodía... non sei, mira, estou nerviosa. Podo fumar?
- Non, non pode. Recoñece que regular as mareas é xurisprudencia súa?
- Daquela maneira. Aquel día os refachos do vento eran cousa fina
- A Rotación combinada Terra-Lúa é a que marca o patrón dos ventos. Non se estará exculpando
- Daquela a señorita Rotación da Terra tamén debería estar sentada neste banquillo comigo
- Non podemos imputar a dona Rotación da Terra. Pararíase todo. Acabaría o mundo
- Ah, pero a min si, non? A min si se me pode sentar aquí e poñerme o pé enriba. E espetarme bandeiras e de todo...
- Estabamos en que as mareas eran cousa súa e os ventos, de xeito indirecto, tamén
- Pois será. Oes, teño un ceo nocturno que atender
- Aquela mesma noite, que fixo vostede?

- Non me lembro. Non teño atmosfera. As lembranzas escápanme todas cosmos arriba
- Xa, claro. Aquí o Google Sky Maps di que vostede estaba crecente...
- ...en abalo
- No que queira. Vostede estaba inflándose coma un cruasán...
- *Croissant*
- ... e pola constelación de... agarde un chisco... si, Acuario
- Na constelación de Acuario. Vale, ben, vaime vulgar un tribunal de astrólogos?
- Convirá en que era un exercicio de imprudencia andar paseándose por Acuario precisamente a noite dun accidente marítimo
- Xa me dirás onde queríades que estivese. Eu fago o meu traballo na miña órbita, a vosa perspectiva do asunto tráeme ao pairo. No hemisferio sur a cousa pintaba diferente e segue a ser o mesmo planeta, ou?
- ...
- Oíches, teño présa, o sol directo séntame fatal, dime o que me queiras dicir e xa
- Recoñece vostede ser a responsable da especial Rotación da Terra que provoca as turbulencias e os ventos de toda caste. Por se fose pouco, o Océano séguea a vostede como un can de palleiro
- Arrea, non me trates tantode vostede, cacho hipócrita! Se ti mesmo me prometiches a unha moza unha noite dentro dun coche aló no Monte San Pedro...
- ...e a todo iso súmase que estando vostede en corpo presente e crecente...
- e logo ben que a zoscaches, alí, no coche, e eu tiven que velo todo, teño que ver cada cousa que perpetrades os *sapiens*, pero cada cousa...
- ...durante toda a noite e as noites subseguintes até o afundimento do barco, o 19 de novembro de 2002...
- ...que estades como cabras e logo a que ten unha cara oculta resulta que son eu...
- ... non baixou vostede a botar unha man...

- Unha man??? Pero que man? QUE MAN?
- ... nin tomou as precaucións esperables nun satélite de primeira coma vostede...
- Son o único satélite que vos quedou porque ningún quería saber nada de vós
- ... tales como paralizar as mareas, deixar de rotar, remolcar o barco con toneladas de fuel até o cinto de asteroides máis próximo...
- Si, vós seguid espallando a merda polo sistema solar adiante, veredes que ben vos vai ir
- ... aliñarse na constelación de, poñamos, Libra, para equilibrar as cousas...
- Estame xulgando un que cre no zodíaco?? Eu desta cambio de planeta
- ... coa agravante de comportarse como unha *voyeur* da desgraza allea...
- E dálle
- ... con ese sorriso seu de *media lúa* que lle sae tan ben...
- Xa mo dicía miña nai: «á Terra non! Ten vida que se cre intelixente!»
- Por todo o cal...
- Podo marchar? Bótanme de menos catro borrachos, seis poetas, cento tres astrofotógrafos e mil dúascentas grávidas...
- Por todo o cal considerámola CULPABLE do «rumbo suicida» do barco...
- Un barco lunático...
- ... das olas de dez metros e os ventos impetuosos daquel día
- ...
- de compoñente ninsesabe
- ...
- ventos aleivosos e con saña
- ...

- e culpable tamén de estar en Cuarto Crecente e non facer nada dende a súa posición privilexiada
- ...
- moi culpable *especialmente* de brillar máis branca ca nunca mentres o chapapote mataba miles de aves, peixes e moluscos
- ...
- e condenada, en definitiva, a pagar os 4.328 MILLÓNS DE EUROS de perdas ocasionadas pola catástrofe
- Como vou pagar semellante cousa? Os *sapiens* gañaríades este xuízo pero perdestes o xuízo!
- Hai unha maneira
- Cal?
- Vostede afasta de nós a razón de 3'8 centímetros ao ano, non é?
- Si, bueno, pero tardaría millóns de anos en...
- Ben, deixe de facelo
- Que deixe de marcharme?
- Si, deixe de separarse de nós
- Pero, non podo evitar desorbitarme, coñecer outras vidas...
- Quédese quietiña. E a débeda irase saldando co tempo
- Non, iso non!
- É a única maneira
- Eu vallo moito máis que 4.328 millóns de euros, son a vosa lúa, non teño prezo!
- A cambio, poñerémolle unhas chuscas bases de estudo e antimeteoritos para que non a zosquen máis. E nomes máis bonitos para os seus cráteres, en chino, que lle parece? E unha fermosa atmosfera de celofán.
- Serei a vosa escrava

— É un xeito de velo. Manoseada polos poetas xa foi abondo. Ánimo e...  
CULPABLE!

Río, 13 de novembro de 2013  
11 anos do Prestige